

XAN CALAIO

NOME DO DOCUMENTO: MPG_NoCa_0005_001_id720_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_NoCa_0005_001_id720.mp3

TIPO DE DOCUMENTO: Rexistro directo dun evento. Conto
MATERIAL DISPOÑIBLE: Audio mp3 (editado e dixitalizado pola compiladora)
 Transcripción de texto

DURACIÓN: 0:15:09

DATOS DA RECOLLIDA

- **DATA DA RECOLLIDA:** 1998
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** Moimenta
 - Parroquia:** Arnois
 - Concello:** A Estrada
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia
- **INFORMANTE**
 - Nome:** Secundino Pazos Clemente
 - Idade no momento da recollida:** 74
- **RECOLLEDOR/ORA:** Montserrat Gálvez Fernández
- **COMPILADORA:** Camiño Noia Campos
- **COLECCIÓN:** Camiño Noia (NoCa)
- **CLASIFICACIÓN E REFERENCIAS DESTE CONTO NOS CATÁLOGOS TIPOLÓXICOS DE CAMIÑO NOIA:**
 - Título xenérico:** A alma librada do Purgatorio e O ferreiro e o demo
 - Tipo:** Contos de maxia ou marabillosos
 - Subtipo:** Adversarios sobrenaturais
 - Referencia:** 326A* e 330 AT



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

CONTEXTO

Durante a década de 1990 até os anos 2000, a catedrática emérita e profesora de filoloxía galega María Camiño Noia Campos, dirixiu un valioso proxecto de recollida, catalogación e divulgación do conto galego de tradición oral. Neste proceso foi imprescindible a axuda do seu alumnado e de bolseiros, que se encargaron de facer as recollidas de campo gravando a persoas que aínda recordaban contos e que ademais sabían contalos. Os traballos, que se realizaron en Galicia e nas áreas de lingua galega de Asturias, León, Zamora e Cáceres, constitúen hoxe unha testemuña única dun rico patrimonio que estaba a piques de desaparecer. O froito de traballar con todo este material plasmouse en varias obras - citadas máis abaixo na bibliografía - nas que Camiño Noia sistematizou a narrativa galega oral de acordo a criterios recoñecidos internacionalmente. Nomeadamente, a súa última obra *Catalogue of Galicia Folktales* - editada pola prestixiosa Kalevala Society de Finlandia - coloca o conto galego dentro da tradición oral europea, dándolle un espazo de referencia no folklore internacional.

O APOI dispón actualmente, grazas á cesión de Camiño Noia, dos materiais orixinais froito das recollidas: a colección completa das gravacións e as transcripcións cos datos de campo. Presentamos o seu material seguindo os criterios do catálogo tipolóxico realizado pola propia compiladora.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi tomada dos documentos cedidos pola compiladora.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

BIBLIOGRAFÍA

- NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2010): *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía*. Vigo : Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.
 NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratreá.
 NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2021): *Catalogue of Galicia Folktales*. Kalevala Society.

PALABRAS CHAVE

conto, narración, maxia, demo, ferreiro

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Cando Noso Señor andaba pedindo polo mundo adiante, encontrou con outro pobre que lle chamaban Xan Calaio e ese pobre xuntaba moita máis limosna que Jesucristo.

Entonces siempre lle daba algo a Jesucristo e, hasta que un día díxolle Jesucristo:

– A ver, Xan Calaio. Pídeme tres cousas que ti queiras, porque siempre me andas dando da túa limosna, e entonces eu quería che pagar ese favore.

E díxolle:

– Bueno, pois entonces vouche pedir tres cousas: que o que eu mande vir pa este saco, que veña; e que se volva unha cousa noutra tamén; e outra cousa que che pido... e a outra cousa non me acorda, bueno.

Resulta que, efectivamente, dixo:

– Bueno, pois están concedidas.

E despedíronse e el marchou por alí abaixo e dixo:

– Bueno, vou vere se é verdá o que me dixo Jesucristo.

E levaba unhas naranxas no saco, e chegou alí a unha taberna e había uns queixos moi bos e díxolle:

– En nombre de Dios Nuestro Señor Jesucristo, que se volvan estes queixos naranxas. No! Que veñan po saco, estes queixos que veñan po saco.

E, efectivamente, viñeron os queixos p'ó saco. E marchou, pero enseghida que marchou, a dueña da taberna douse de conta que lle faltaban os queixos e saleu atrás del.

Dixo:

– Eh, eh, señore! A ver, que usté colleume os queixos.

Dixo:

– Ai non señora! Eso é mentira.

Dixo:

– Pois si, que me acaban de faltar agora mesmo.

E el dixo:

– En nombre de Dios Nuestro Señor Jesucristo que se volvan os queixos naranxas.

E, efectivamente, volvéronse os queixos naranxas, e dixo:

– Eu lévolle aquí unhas naranxas que me deron aí arriba pero, como usté ve, eu non teño tales queixos.

E dixo:

- Ai, Dios mío! Pois eu acábanme de faltar agora mesmo os queixos.



Bueno, marchou. E ca mesma estábese facendo noite, e cheghou a unha casa e pideulle pousada pa durmir aquela nolte. E díxolle:

– Mire, nós non temos donde darlle pousada, pero temos unha casa aí abaixo que morreu o dueño agora hai poucos días e deixounos esa casa a nós. Eu se quere, déixolle a chave, e usted pode durmir alí. E dixo:

– Ai! Pois se fai o favor, xa o creo.

Dixo:

– Bueno, pero eu voulle advertir unha cousa. Xa vai con dúas ou tres veces que nos veñen de noite petando á porta, que aparecen aí berrando de noite. Non sei qué pasa.

Dixo:

– Non se preocupe. Usted déame a chave que eu non vou a virlle reclamar nada, nin petando á porta tampouco.

Efectivamente: déronlle a chave, díxéronlle a casa que era e marchouse alí, e púxose ó pé da lareira, encendeu o lume, e estaba asando alí unhas castañas. Entonces, dentro dun pouco oe un ghrito pola chimenea que decía:

– Eu caio! Eu caio! Eu caio! E non paraba. Entonces díxolle:

– Bueno, home. Pois se caes, cae.

E vai, e pumba! Cae unha perna, unha perna dunha persona. Bueno, e el sigheu na mesma, quedou mirando pa perna e dixo:

– Pois non sei que é o que pasa aquí.

E ca mesma volve outra vez:

– Eu caio! Eu caio! Eu caio!

– Pois si caes, cae.

E vai, cae outra perna. Dixo:

– Bueno, home. Pois , será posible esto?

E sigheu facendo lume e asando nas castañas e tal. Dentro dun pouco volve outra vez:

– Eu caio! Eu caio! E vai e cae un brazo. Dixo:

– Pero será posible!

Bueno. Dentro dun pouco sigheu na mesma.

– Eu caio! Eu caio!

– Pois cae, ho, cae!

E caeu o outro brazo. Pero sigheu na mesma:

– Eu caio! Eu caio!

– Pois se caes, cae dunha vez, e non esteas caendo a pedazos.

E vai e cae o resto do corpo, e únese o corpo ós brazos, e os brazos ó corpo, claro.

E entónces púxose de pé na cociña e botaba lume pola boca. E dixo:

– Bueno, pois dirasme que é o que queres.

E dixo:

– Pois mira, eu quero que veñas comigho alí á bodegha. Colles unha vela, p' alumbrarme a que veñas comigho alí á bodegha.

E dixo:

– E pa que quero a vela? Que co lume que botas ti pola boca xa me chega bastante pa vere. E marcháronse á bodegha, e díxolle:

– Cava aquí.

E o pobre non quería cavar alí, dixo:

– Eu como vou a cavar aquí se a casa non é miña, e despois ven o dueño e vai a protestare.

– Tí fai o que che eu mando. Cava aquí.

E bueno, colleu unha sacha que había alí e cavou alí. Hasta que encontrou unha hucha con monedas de cobre. E, ca mesma levouno máis adiante e dixo:

– Ahora cava aquí.

– Pero como vou andar cavando por aquí adiante se, se a casa non é miña!

– Tí fai o que cheu mande. Cava aquí.

E cavou alí. E entónces levantou unha hucha con *monedas* de prata. E ca mesma, lévao máis p' adiante e dixo:

– Bueno, pois agora cava aquí.

– Ai, por eso que me mandas facer...!

– Bueno, ti cava aquí.

E cavou, e encontrou outra hucha con monedas de ouro. Entónces, así que acabou de levantar todo aquilo, díxolle:

– Bueno, as monedas de cobre son pa misas. Tes que dar-me misas pola miña alma, que eu estou no purghatorio, non podo pasar ó ceo porque eu deixei aquí estas *monedas* que teñen moitas cruces. E deixinas aquí enterradas e entónces non podo pasar ó ceo, e quero que me deas misas pa poder pasar ó ceo. E bueno, e as monedas de prata son pa que lle deas ós meus heredeiros, e as monedas de ouro son pa ti, pa o que ti queiras.



– Bueno, está ben.

E ca mesma desapareceu. E el, ó outro día, foille contar ó dueño da casa a cousa - Ai! E máis outra cousa. A casa aquela era pa el -. E entonces foille contare o conto ó *dueño* da casa. Díxolle:

– Bueno, pois mira, pasou esto: deixoume a casa pa min, e máis as monedas de ouro, e as monedas de prata son pos heredeiros, e as monedas de cobre son pa misas.

– Bueno home. Pois se ti o dis pois xa está.

Bueno e entonces vai e, ó outro día, colleu e... - Ai! Inda non foi así, é que dixo: “Bueno, pois en nombre de Dios Padre y del Espíritu Santo... No, ta ben así. Aparecéuselle o demo. Aparecéuselle o demo; como salvara unha alma do ceo, entonces aparecéuselle o demo á noite sighbiente. E viña cun forquito e petándolle á porta “Pum, pum, pum, pum, pum”.

– Quen é?

– Son eu, abre a porta.

– Pum, pum, pum, pum.

– Quen é?

– Son eu, abre a porta.

Abre a porta e era o demo cun forquito neghro na man. E dixo:

– A ver, que é o que queres ti?

Dixo:

– Pois quero levarte po inferno porque ti salvaches unha alma que tiña eu pa levar po inferno e agora téñote que levar a ti.

Entonces el, como lle pedira a Noso Señor que todo o que el mandase cambiarse dunha cousa pa outra, dixo:

– En nombre de Dios Padre y del Espíritu Santo vólvese o demo un ferro.

E volveuse o demo un ferro. Entonces dixo:

– En nombre de Dios Padre y del Espíritu Santo, veña o ferro po saco.

E meteu o ferro no saco e marchouse con el p’o ferreiro pa que lle fixese ferramentas: unha picaraña, unha sacha, e por aquí e por alí, pa que lle fixera varias ferramentas pa traballa-la terra. E cheghou onda o ferreiro e díxolle:

– Bueno, eu quería, deste pedazo de ferro que traio aquí que me faghas unhas ferramentas. E dixo:

– Bueno pois, dentro de dous días, ven por aquí e a vere.

E, efectivamente, o ferreiro quentou o ferro e malla e malla, e malla e malla, e malla e malla, pero o ferro non cedía, non ablandaba. E cando cheghou Xan Calaiio por alí, dixo:

– A ver que! Fixéchesme esas ferramentas?

Dixo:

– Pois mira, non hai forma; eu estou cheo de mallar no ferro, pero o ferro non cede, non ablanda pa nada.

E dixo:

– Bueno, pois a ve-lo que che debo e vouche deixar algúns cartos máis, e ti sígheme mallando no ferro.

E, efectivamente, sigheu mallando no ferro pero o ferro non ablandaba, non cedía. E, volveu dentro de dous ou tres días, e dixo:

– Pois está na mesma, o ferro non ablandou.

Dixo:

– Bueno, pois, en nome de Dios Padre y del Espíritu Santo, vólvase o ferro o demo outra ves.

E volveuse o demo, pero o demo coxiando, coxiando dunha perna, coxiando e amenazando. Dixo:

– Heite de meter no inferno, heite de meter no inferno.

E entonces dixo:

– Nada, fághoche unha cousa.

– E que?

– Vamos a xogha-las almas. Se ghano eu as almas que tes no inferno lévoas eu p' ceo, e se ghanas ti... – Ai! A outra cousa que lle pedirá fora eso, ghanar en tódolos xueghos, non m'acordaba a min antes -, e se ghano eu pois as almas que ti tes no inferno lévoas eu todas p' o ceo e se ghanas ti as que teña eu lévalas ti p' o inferno.

Dixo:

– Bueno, pois xa está.

E puxéronse a xoghar pero como el lle pedirá eso a Noso Señor entonces el ghanoulle as almas todas ó demo. E ca mesma, marchou pa porta do ceo cas almas todas. E cheghou alí e, pum, pum, pum, pum, e saleulle San Pedro e dixo qué quería. E dixo:

– Pois mira, eu quería meter estas almas no ceo e mais ir eu p' o ceo porque o demo ándame amenazando seghido e entonces quería... estas almas ghaneillas ó demo e quería metelas no ceo e mais ir eu p' o ceo.

Dixo:

– Bueno, pois mira, as almas poden ir p'ó ceo, ghanáchelas e poden ir p'ó ceo. Pero ti non, porque non lle pediches eso a Noso Señor, de poder ir p'ó ceo. Así que, entonces, trae as almas p'acá e, pero ti íes que quedar fóra.

E entonces el meteulle as almas pero ca mesma tirou o saco pa dentro. E ca mesma dixo:

– En nombre de Dios Padre y del Espiritu Santo, vaia Xan Calaio p'ó saco.

E, efectivamente, como el eso llo pedirá a Noso Señor foi pa dentro do saco e alá está no ceo dentro do saco. E acabouse o conto.